



CIRCULAR 122-2024.

I CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE TRAIL RUNNING MARATÓN.

- **A todas as delegacións da FGA.**
- **A todos/as os/as asembleístas**
- **A todos os clubs galegos con licenza vixente**
- **A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente**
- **A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente**

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, coa colaboración do Concello de Muras, o Campionato Xunta de Galicia de Trail Running - Maratón, o 7 de xullo de 2024 no concello de Muras (Lugo).

Art.2).- Poderán participar atletas dende Sub 23 en adiante con licenza na presente tempada pola FGA.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://sdp.rfea.es/> con límite ata o luns 1 de xullo ás 20:00 horas.

Art.4).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- A entrega realizarase nas inmediacións da saída, dende as 7:30 horas ata 30' antes do inicio da proba.
- Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.5).- Cámara de chamadas

- Os participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto antes do peche da mesma. De non ser así, non poderá participar salvo causa xustificada e aceptada polo xuíz árbitro da competición.
- Os atletas deberán saír á zona de competición coa camiseta e o dorsal posto.
- Peche da cámara de chamadas → 10' antes da proba.

Art.6).- Horario, distancia e lugar de saída: [\(perfil ao final do documento\)](#)

APERTURA C. CHAMADAS	PECHE C. CHAMADAS	HORA SAÍDA	DISTANCIA	DESNIVEL	PECHE CONTROL
07:30	07:50	08:00	44,5 km	2400 m + aprox	15:30*

*Pecharase o control de chegada unha vez cumprido o tempo límite.

Localización da saída:

- Área recreativa A Veiga, Muras: <https://maps.app.goo.gl/HmQBYY4SzhXgzBfR9>



Art.7).- Material obrigatorio e auxiliar

O material estará revisado polo Comité Galego de Xuíces, podendo facerse total ou parcialmente na saída, meta ou durante o percorrido.

Listaxe de material obrigatorio:

- ❖ Poderase modificar na semana do Campionato, atendendo á climatoloxía.
 - Dorsal visible no peito
 - Manta térmica
 - Chifre
 - Teléfono móbil operativo
 - Sistema de hidratación (mínimo de 1 litro)
 - Chaqueta impermeable ou curta ventos
 - Gorro, gorra, visera ou tubular

Material auxiliar:

- ❖ Os deportistas que empreguen material auxiliar como bastóns, gafas de sol, etc., deberán portalo dende a saída ata a liña de meta, non podendo abandonalo nin recibir axuda externa.

O material que empreguen os deportistas deberá portarse desde a saída ata meta, non podendo recibir axuda externa nin abandonar o mesmo.

Art.8).- Abastecementos

- A proba será en semi-autosuficiencia, debendo levar consigo un sistema de hidratación e podendo, ademais, coller comida e bebida nos abastecementos da organización.

- Puntos de abastecemento:

Km	8,5	16	23,5	32	39
-----------	-----	----	------	----	----

- o Non está permitido saír dos puntos de abastecemento con residuos (codias, envoltorios, etc).
- Non se permite a asistencia externa en ningún punto do percorrido.

Art.9).- Premios

- Os tres primeiros atletas clasificados absolutos, Sub 23 e de cada unha das categorías Máster, masculinos e femininos, recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato.

Art.10).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio do Campionato ou a non participación final, terá unha sanción de 5 euros, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA a través do correo direcciontecnica@atletismo.gal
- Inscricións fora de prazo: 10 euros de recargo. A súa aceptación será competencia do director técnico, podendo ser esta denegada.



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Art.11).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 12 de xuño de 2024

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo

Perfil da proba

